

## ACTA Nº 02/2011

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2011.

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación das actas das sesións anteriores.
- 2.- Resolucións da Alcaldía.
- 3.- Aprobación, se procede, do expediente de modificación de contrato con URBASER, S.A., polo servizo de limpeza viaria.
- 4.- Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre subestación eléctrica
- 5.- Moción do grupo municipal do Partido Popular para a redución nun 50% da taxa por instalación de terrazas.
- 6.- Moción do grupo municipal do BNG sobre bancarización das caixas de aforro.
- 7.- Rogos e preguntas.

#### **Asistentes:**

Sr. Alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero

#### Srs. Concelleiros:

D. Valentín Piñeiro González  
D. Diego Manuel Riobó Martínez  
Dna. María Libertad Cruz Couso  
Dna. María Beatriz Riobó Rouco  
D. Daniel Rodas Chapela  
D. Victor Manuel Pastoriza Lino  
Dna. María Teresa Suárez Riobó  
D. Arturo González Pérez  
D. Xosé Euloxio Santos Leites  
D. José Fervenza Costas  
D. Javier Abal Juncal  
D. Carlos Trigo Fervenza  
D. Angel Manuel González Riobó  
Dna. Rosana Paredes Durán  
Dna. Melina Alves Martinez

Na Casa do Concello de Moaña a 3 de febreiro do 2011, sendo as 20:05 horas, reúnen os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, ca finalidade de celebrar Pleno Ordinario, anunciado para o día de hoxe. Non están presente o Concelleiro do PP, D. Abelardo Nahur Currás Vázquez. Dna. María Libertad Cruz Couso e D. Diego Manuel Riobó Martínez se incorporan co Pleno xa iniciado.

## **1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

O Sr. Alcalde sinala que o Concelleiro do PP, Sr. Currás excusa súa presenza no Pleno por motivos persoais e que os Concelleiros do BNG, Srs. Diego Riobó e Libertad Cruz incorporaranse ao longo do Pleno.

Seguidamente o Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización ás actas nº 15/10 e 01/11 correspondentes á sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2010 e á sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xaneiro de 2011 respectivamente.

Non hai intervencións, polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta nº 15/10 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2010 quedando aprobada por oito votos a favor, dos Concelleiros de BNG, PSOE e INMO. Os Concelleiros do PP non se pronuncian.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a acta nº 01/11 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xaneiro de 2011 quedando aprobada por oito a favor, dos Concelleiros de BNG, PSOE e INMO. Os Concelleiros do PP non se pronuncian.

## **2º.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere preguntar sobre algunha das resolucións aprobadas dende a celebración do anterior pleno ordinario.

(A Concelleira do BNG)

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, pregunta pola resolución nº 01/11 de 3 de xaneiro de 2011. sobre concertación de operación de préstamo, onde se acorda concertar unha operación de préstamo a curto prazo para o financiamento de déficit de tesourería por importe de 645.000 euros ca entidade BBVA. O tipo fixo é elevado: un 5,50%. Vainos custar vintedous mil euros en xuros. ¿Cale é a comisión de apertura do crédito?

O Sr. González, Concelleiro de Facenda responde que non se fixou comisión de apertura. Non hai comisións.

O Sr. Fervenza afirma que, aínda así, parécelles excesivo o tipo de xuro.

O Sr. Fervenza pregunta pola resolución 37/11 do 27 de xaneiro de 2011 sobre aprobación da nómina do Concello. O Interventor formula reparo. No concepto de dedicacións exclusivas non se determina a quen corresponde. Non aparecen os nomes.

O Sr. Alcalde afirma que se lle responderá por escrito.

## **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CONTRATO CON URBASER, S.A., POLO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA.**

O Sr. Alcalde sinala que no expediente figura a solicitude de revisión de prezos presentada pola concesionaria o día 26 de marzo de 2010. Revisión que debe solicitarse no primeiro trimestre do ano. A Intervención analizou a solicitude e emitiu informe sinalando a súa correspondencia co que determina o contrato. Tamén consta informe da Secretaría sobre a procedencia e ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda. A solicitude presentada representa unha modificación á alza do prezo do contrato. Pasaría de douscentos trinta e dos mil trescentos cincuenta e tres euros e setenta e seis céntimos a douscentos cincuenta e seis mil catrecientos vintecinco euros e sesenta e un céntimos. Un incremento de vintecatro mil setenta e

un euros e oitenta e cinco céntimos anuais e dous mil cinco euros e noventa e nove céntimos de incremento en cómputo mensual. O cálculo que presenta a solicitude é correcto. O incremento débese fundamentalmente á actualización salarial do convenio asinado entre a empresa concesionaria e os traballadores no 2010. propónse aprobar a revisión de prezos segundo o informe do Interventor. Nese informe dise que nesas datas non había crédito para aprobar o gasto. En data 3 de febreiro de 2011, se incorpora informe de existencia de crédito, unha vez que xa entrou en vigor o Orzamento para este ano.

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, afirma que o PP presentou unha moción requirindo unha mellora no servizo e que se prestase en algúns barrios e parroquias. Non foi atendida. Este incremento vainos custar vintecatroy mil euros máis ao ano. Esta empresa solo limpa na zona onde está o Concello. Ten falta de persoal. Seguro que este incremento figura no contrato. Hai cento noventa e unha persoas anotadas no para en Moaña para limpeza. Pareceríanos ben que con eses cartos se crease algún posto de emprego máis. Na partida faltaría máis de seis mil euros. O importe coincide co das exclusivas. O informe do Interventor fala da dificultade da Tesourería Municipal para facer fronte a estes custos. Sabemos sa situación de despilfarro no Concello. Isto vai custar máis aos veciños. A ver se a empresa, alomenos, contrata a algún parado e se mellora o servizo.

O Sr. Santos, Voceiro de INMO, afirma que vai votar en contra da proposta como xa fixo o ano pasado. Non porque non corresponda, a previsión está recollida nos pregos e no contrato, senón porque a obrigatoriedade de cumprir os termos do contrato vincula a ambas partes. Segue existindo incumprimento dos pregos pola empresa. Aínda que comezaron a instalar papeleiras pata recoller os escrementos dos cans queda pendente o baleirado das beirarrúas e a limpeza das bocas das pluviais. Hai un incumprimento previo da concesionaria polo que vou votar en contra desta proposta.

O Sr. Alcalde di que en tres meses imos librar ao Sr. Fervenza desta tremenda carga, imos continuar cargando con ela. Lémbrolle que en 3 de febreiro de 2011 o Interventor informa que hai crédito para atender á solicitude de revisión do prezo do contrato. Nos orzamentos definitivamente aprobados para o 2011 se incrementou a partida inicialmente prevista para este servizo. Non se pode estar dentro da caixa e repicando. Esta solicitude deriva da revisión do convenio salarial. O teu Grupo municipal apoiou a revisión dos salarios dos traballadores porque eran moi baixos. Se chegas a ter que cargar co peso de ser Alcalde bas ter que limpar ata A Fraga e ademais os prezos van reducirse. Nós solo conseguimos que o prezo que se vai pagar agora, logo da revisión, sexa inferior que o prezo recollido na previsión dos pregos no ano 2007, derivado da baixa que presentou a oferta. A limpeza viaria estaba prevista inicialmente dente O Con ata O Rosal. Fixéronse pequenos incrementos. Respecto do nivel de rendemento do servizo, todo é mellorable. Pode darse algún incumprimento pero toda a Corporación debe aceptar que o servizo é de limpeza viaria e é relativamente eficiente e é digno, o que recoñecen todos os que non viven en Moaña cando veñen. A limpeza das marquesinas, a recollida de lixo razoablemente eficiente, os parques limpos, as rúas coma unha patena. No futuro, os prezos terán que baixar e será bo, bonito e barato, pero agora é o que temos.

O Sr. Fervenza di que o Alcalde debe ter unha bola de cristal para ollar o futuro. Nós coñecemos o presente. Hai unha cousa clara. Na moción pedíamos unha serie de melloras. Os veciños do Con falaban de que non estaba suficientemente limpo. Eles traballan pero creo que precisan de máis persoal. Tamén se queixaron os veciños de outras zonas. Isto nolo demandan os veciños. ¿Para qué pedimos o crédito?. Creo que o servizo é mellorable.

O Sr. Alcalde responde que o seu Grupo non apoiou aquela moción. Unicamente votaron a favor os representantes do PP.

Rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación o expediente de modificación de contrato con Urbaser, S.A., polo servizo de limpeza viaria, aprobándose por oito votos a favor, cinco dos representantes do BNG e tres dos representantes do PSOE e sete votos en contra, seis dos representantes PP e un do representante de INMO, cos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar, de conformidade ca cláusula 4ª do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de limpeza viaria do Concello de Moaña, o expediente de revisión de prezos do contrato, iniciado a instancia da empresa concesionaria, URBASER. O prezo anual revisado do contrato será de 256.425,61 euros (IVE incluído), a razón de 21.368,80 euros mensuais (IVE incluído) e un período de aplicación a partires do 8 de febreiro de 2010.

O detalle da revisión en cómputo anual e mensual é o seguinte:

	Período febreiro 2009 – febreiro 2010 (*)	Coefficiente de revisión (K)	Precio revisado	Incremento
<b>Prezo anual</b>	232.353,76	1,1036	256.425,61	24.071,85
<b>Prezo mensual</b>	19.362,81	1,1036	21.368,80	2.005,99

(\*).- Dende o 8 de febreiro de 2009 ata o 8 de febreiro de 2010.

SEGUNDO.- Autorizar e comprometer gasto por importe de 24.071,85euros correspondentes ao incremento do prezo do contrato, imputando o gasto á partida 1630.22700 do vixente Orzamento Municipal.

#### **4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE SUBESTACIÓN ELÉCTRICA.**

O Sr. González, Concelleiro do PP, procede a dar lectura á moción presentada polo seu Grupo:

#### **“MOCION PARA A DENEGACION DE LICENCIA EN TRIGAS**

Don José Fervenza Costas, portavoz do Partido Popular de Moaña, formula a seguinte MOCION para a súa aprobación en pleno, referida a **Pronunciamento da negativa de ubicación da subestación en Trigás.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A empresa Unión Fenosa (Gas Natural) co beneplácito do BNG e PSOE propuseron a ubicación da subestación para Moaña en Trigás.

Millán e Pastoriza iniciaron un expediente de espaldas a os veciños, coa xunta do Bigoberno do BNG e PSOE para aceptar que Fenosa ubicase a subestación neste punto.

A nova Xunta non tivo mais remedio que darlle saída o expediente, xa que toda solicitude que entre na Xunta hai que darlle saída e como mencionamos, este expediente xa se iniciara en tempos do bipartito.

O PP de Moaña sabe que os veciños de Abelendo e San Martiño levan varios anos vivindo unha situación de incertidumbre e desconfianza, por que dende o BNG e PSOE de Moaña nunca deron transparencia a este trámite nin un posicionamento firme.

O Partido Popular de Moaña sempre fixo publica a súa negativa a ubicación, todo o contrario que o BNG e PSOE que todas as actuacións foron ocultas e sen dar un posicionamento firme.

Para o PP a saúde dos veciños é primordial, e hai estudos e estadísticas que falan e valoran negativamente as consecuencias de ter unha subestación preto das vivendas.

Pero chegado este momento, e despois de levar catro anos coa ubicación da subestación, sabemos que ***a decisión está en mans do Concello e terá que ser o Concello quen diga si ou non a esta ubicación.***

Polo tanto, e polo anteriormente exposto, é polo que o Partido Popular presenta ao pleno da Corporación o seguinte:

#### **ACORDO:**

**Primeiro:** Instar ao Concello de Moaña a que denegue a Licencia a empresa Unión Fenosa-Gas Natural para ubicar a subestación en Trigás e que BNG e PSOE presenten outra alternativa tanto a empresa como a os veciños.”

O Sr. González engade que os veciños de Moaña teñen moitos problemas. Un 50% dese problemas desaparecerían se o Alcalde marchase. Este non será problema se o Alcalde di non á subestación en Trigás.

O Sr. Alcalde cede a palabra a D. Ezequiel Fernández Cancelas, Presidente da Federación Veciñal A Chamusca.

O Sr. Fernández afirma que solicitaron intervir no Pleno para apelar ao consenso entre todos os Grupos da Corporación, velando polos intereses xerais de Moaña, á marxe de intereses partidistas. A ubicación da subestación en Trigás non cumpre cos requisitos técnicos, non cumpre ca distancia das casas, co colexio de Abelendo. Hai ubicacións alternativas en Moaña ou nos concellos limítrofes. Serían unhas instalacións que darían servizo a toda a comarca. non ten por qué ubicarse necesariamente en Moaña. Xa houbo acordos deste Pleno rexeitando esta ubicación. A autorización da Consellería de Industria lévanos a unha situación extrema. Os políticos de Moaña deberían rexeitar esta proposta de ubicación unanimemente. Este é un problema que non solo afecta aos veciños de Trigás. É un problema de todos os moañeses. Queremos reiterar a nosa oposición a esta ubicación. Que o Concello aplique rigorosamente os

informes técnicos municipais e se rexeite esa ubicación. Que se busquen alternativas consensuadas evitando a confrontación social. Estamos dispostos a adoptar as medidas pertinentes e medidas de mobilización social, sempre dentro do respecto á orde pública.

O Sr. Piñeiro, Voceiro do BNG e Concelleiro Delegado de Urbanismo, afirma que hai que ter moito valor para presentar a moción nestes termos, logo da tramitación que leva o expediente. Aos veciños hai que falarlles con papeis, non con palabrería. O 12 de xullo do 2010 a Xunta de Goberno apróbbase o informe do técnico municipal e se remite á Xunta, informe desfavorable emitido a instancias da Consellería de Industria. O 13 de setembro do 2010 se aproba informe da Asistencia Técnica Municipal, informe desfavorable que se remite o 15 de setembro. Os informes están no expediente. O 25 de xaneiro ten entrada no rexistro do Concello o informe favorable da Consellería de Industria autorizando a subestación en Trigás. Que quede claro quen apoia a Fenosa e quen apoia aos veciños. A moción di que a Consellería non tivo máis remedio que darlle saída a un expediente que ven derivado da época do Bipartito. Cando o expediente comezouse con Feijoo e, en calquera caso, non estaban obrigados a emitir un informe favorable. Vostedes sempre se posicionan a favor dos grandes. Falan de defender a saúde dos veciños. Xefe Territorial de Industria, o seu colega, Sr. Fervenza, non pensa o mesmo. Autoriza a subestación en Trigás. Pactaron en Santiago e agora presentan aquí esta moción para lavar a cara ante os veciños. ¿Onde estaba mentres tanto o Deputado Autonómico?, ¿qué xestións fixo?, ¿presentou alegacións no período de exposición pública?. ¿Non fala vostede no Parlamento?. Os veciños de Abelendo e San Martiño poden estar tranquilos. A Xunta de Goberno non vai conceder licenza se os informes dos técnicos de Urbanismo son desfavorables. Isto é unha burla aos veciños. Imos ver quen esta a favor e en contra dos veciños. Xa nos pronunciamos sobre isto infinidade de veces. Non vai haber subestación en Trigás. Instalouse unha nova oficina na sede do Partido Popular de Moaña para que presenten reclamacións os infractores urbanísticos. Agardemos que Fenosa non reclame na súa oficina. Telefónica foi unha das que levou unha multa coercitiva pola que pagou sesente e seis mil euros. Este Goberno garante que a subestación non se vai instalar alí.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, afirma que o seu Grupo tampouco pode asumir neses termos a moción. Dicirlle ao Voceiro do PP, que Víctor Pastoriza non sinalou ningún sitio a Fenosa para que comprase os terreos. É unha fogueira máis do PP para encher de fume a súa descomposición. Hai acordos firmes de oposición á instalación nesa ubicación. No Pleno de 2 de xullo de 2009 xa lle dixen aos veciños que estivesen tranquilos, que o Goberno Municipal clasificaría eses terreos coma dotacionais. Con este Goberno Municipal, non se vai facer unha obra desas características co apoio da Garda Civil. O Goberno Municipal vai opoñerse, con todos os medios ao seu alcance, a esa ubicación da subestación.

O Sr. Santos, Voceiro de INMO, sinala que un Voceiro Veciñal pediu aquí que se abandoasen os intereses partidistas. A estas alturas, no meu caso tería moi poucos. Sempre me posicionei en contra desta ubicación. Sigo nesa posición pola razóns expostas noutras ocasións. Podedes seguir contando ca miña posición a esa ubicación. Unha cousa é esa, o noso compromiso e outra comulgar con rodas de muíño. Cando leo a moción... Eu non formo parte do Grupo de Goberno pero hai cousas que ofenden á intelixencia. A exposición de motivos da moción é un burdo intento de lavar a cara aos responsables autonómicos, supoño que da Consellería de Industria. “A nova Xunta non tivo máis remedio que darlle saída o expediente, xa que toda solicitude que entre na Xunta hai que darlle saída e como mencionamos, este expediente xa se iniciara en tempos do bipartito”. A Xunta tennos acostumbrados ao silencio administrativo. Isto é unha novidade. Púdoselle dar saída nun sentido ou noutro. Púdose

informar desfavorablemente. ¿Por qué non se lles contestou aos alegantes? ¿So se da saída nalgúns aspectos?. Non se pode pretender que comulguemos con rodas de muíño. Os acordos que adoptamos a este respecto vinculaban tanto á Administración Local coma á Administración Autonómica. A parte que lle competía ao Goberno Municipal cumpriuse, nada que reprochar. Solo pedir que sigan insistindo. A segunda parte dos acordos trataban de clasificar os terreos no Plan Xeral como dotacional deportivo. No Plan Xeral vai así clasificado. Si teño motivos para tirar os trastos a quen non cumpriu ca súa parte do trato. ¿Que os veciños poden estar tranquilos?. Diríao na parte que corresponde ao Concello. o 1 de xaneiro de 2011 entrou en vigor a lei de acompañamento aos orzamentos de Galicia que introduce varias reformas de leis, entre outras da lei do solo, no seu artigo 17.2 establece: *“Excepcionalmente, a través dos procedementos previstos na lexislación de ordenación do territorio, a consellería competente, por razón do contido do proxecto, poderá autorizar as actuacións necesarias para a implantación de infraestructuras, dotacións e instalacións nas que concorra unha causa de utilidade pública ou de interese social que sexa prevalente a calquera outra preexistente.”* Introduce unha modificación co fin de permitir a implantación de proxectos empresariais en solo rústico de protección forestal ou agropecuaria, co que Consellería pode autorizalos a través de un plan de sectorización en caso de que se xustifique a súa utilidade pública. ¿Tranquilos?. Respecto do Concello. A Xunta, se Fenosa a presiona, podería obviar a licenza municipal. ¿A batalla?. Na Xunta e no Parlamento de Galicia.

O Sr. González afirma que Ezequiel pediu consenso e unidade sen intereses partidistas. O PP sempre estivo en contra da subestación, antes e agora. Valentín, o teu son as multas, do resto nada. Unha cousa está clara, o Alcalde e o Grupo de Goberno non fixeron os deberes. A Xunta deu trámite ao expediente porque o Concello non aportou documentación complementaria. O Alcalde apoiou esa ubicación. Non deu ningún paso en contra. E agora lle vota a culpa a Feijoo. Vostede, Alcalde, xa estaba preparado para marchar para Santiago e ao final non puido ir. En xullo do 2009 o PP dicía que desaparecera toda a documentación anterior. O Alcalde dixo que o expediente se iniciou no 2003 e votaba a culpa aos funcionarios. Houbo trámites no 2008. Vostede, Alcalde, non estivo nunca en contra. De estar en contra isto xa estaría arreglado. A Xunta non está a favor, os que están a favor son vostedes. A vostede, Alcalde, non lle importa. Víctor, non dicimos que andiveras a comprar terreos aí, pero axudaches a algún empresario a comprar terreos aí, eres socio de goberno e puideches pronunciarte.

(O Sr. Pastoriza e algúns dos demais Concelleiros protestan pola manifestacións do Sr. González).

O Sr. González pide respecto para poder falar.

O Sr. Alcalde responde que lle teñen respecto pero que o perden cando o Sr. González fai ese tipo de manifestacións.

O Sr. González di que o Sr. Pastoriza é socio de goberno. Víctor, cando se celebrou a primeira reunión de veciños, vós non estabades alí. Dicar aos veciños que teñen dúas mil cincocentas sinaturas en contra. Comprometémonos a traer dezaioito mil sinaturas en contra. O Alcalde dixo que xa non pintaba nada aquí. Voten a favor da moción e sacaremos este problema.

O Sr. Alcalde afirma que no expediente hai tres papeis. Dous negativos do Concello e un positivo da Consellería de Industria. Pediría ao Sr. Fervenza que empregue a súa capacidade para que no Parlamento de Galicia critique a autorización e solicite a súa revocación. Que empregue os medios de que dispón. Dado que non presentou alegacións, que asine un recurso agora como Voceiro do PP como farán os veciños e representantes. Mentres non faga iso,

serán contos chinos. Xa deixou ao Sr. Rial co cu ao aire hai cinco meses. Semella que vostede non está no mesmo partido. Estamos afeitos a quen di unha cousa logo fai outra.

Non se suscitan outras intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada polo grupo municipal do PP sobre a subestación eléctrica, rexeitándose, polo resultado de seis votos a favor, dos representante do PP, e nove votos en contra, cinco dos representantes do BNG, tres dos representantes do PSOE e un do representante de INMO. (O Sr. Riobó, Concelleiro do BNG que se incorporou neste punto non entra en votación).

O Sr. Fervenza pide que quede claro que todos os gastos que supoñan para os veciños as alegacións en contra da subestación en Trigás os debería pagar o Alcalde. Alcalde, levas dende o 2006 enganando aos veciños. Se temos que falar do que custa un Deputado vós tivestes dezaioito e agora quedávos doce. O teu soldo e as cinco exclusivas si que custan para os veciños.

(Varios dos Concelleiros do Grupo de Goberno berran cinco mil).

O Sr. Fervenza, afirma que o Goberno Municipal arruinou aos evciños de Moaña con cinco exclusivas. Que os gastos da subestación saina do peto do Alcalde. Valentín quere ubicar a subestación alí para poñerlle unha multa.

## **5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A REDUCCIÓN NUN 50% DA TAXA POR INSTALACIÓN DE TERRAZAS.**

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, Grupo asinante da moción, afirma que a lei que entrou en vigor e que non permite fumar dentro dos locais é unha lei anti hostelería. Nos orzamentos está previsto recadar mil euros por colocación de terrazas. (Seguidamente o Sr. Fervenza procede a dar lectura á moción:

### **“MOCION DO PP PARA A REDUCCION NUN 50% DA TAXA POR INTALACIÓN DE TERRAZAS**

Coa entrada en vigor da Lei antitabaco no ano 2011, prohíbese fumar en todos os locais de uso público pechas, o que está a provocar que a maior parte dos bares e restaurantes de Moaña coloquen na vía publica cadeiras e mesas para ofrecer a os seus clientes un espacio para poder fumar.

Os hosteleiros están a sufrir as consecuencias negativas da Lei que provocan pérdidas continuas nas suas vendas e un descenso na súa clientela.

Por mor da Lei, a maior parte dos bares e restaurantes de Moaña están solicitando a instalación de terrazas e non so para o período estival como ocurría normalmente senon que a solicitude extendese para todo o ano.

Sabendo que a lei está afectando negativamente a este sector, o Partido Popular considera unha boa medida para axudar a paliar estas consecuencias, o reducir nun 50% o importe a cobrar en concepto de tasa por utilización de vía pública con cadeiras e mesas.

Ainda sabendo que o Concello de Moaña está en situación de quiebra e que todos os ingresos son necesarios para que o Concello poida cumprir coas suas obrigas municipais, consideramos que ao aumentar o número de solicitantes os ingresos non disminuirán, e polo tanto o grupo municipal do Partido Popular de Moaña presenta ao pleno da corporación municipal o seguinte:



## **ACORDO:**

Primeiro: Instar ao concello de Moaña a rebaixar nun 50% a taxa a cobrar en concepto de uso de zonas publicas con cadeiras e sillas para axudar ao sector da hostelería a amortiguar os efectos negativos da Lei antitabaco.”

Engade o Sr. Fervenza que a lei antitabaco suporá unha perda de sete mil millóns de euros. Trescentos cincuenta millóns de euros en Galicia e máis de cinco mil empregos. Isto vai ser unha desfeita. Á vista da situación dos bares, unha boa medida sería a redución de un 50% da taxa para tendas, bares, restaurantes...

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, afirma que é unha mágoa que na sala non haxa ningún hosteleiro. Ca taxa actual estase a cobrar 24 euros por metro cadrado por todo o ano. Dos euros o metro cadrado ao mes. Ningún hosteleiro nos ten comentado nada pola taxa. A autorización do Concello é anual. Non medimos as oleadas de hosteleiros no Concello pedindo autorización. Non podemos apoiar esta moción. A lei de tabaco xa tivo que aplicarse antes para que os traballadores do sector da hostelería non tivesen que expoñer a súa saúde no traballo.

O Sr. Santos, Voceiro de INMO, sinala que o Voceiro de PP falou de lei antihostelería. Unha lei que foi aprobada en Madrid co voto unánime de todos os partidos, creo lembrar. Foi algo bo. Hai críticas non moi atinadas. Ademais, a ordenanza prevé a licenza para todo o ano. Quen cobra é Costas. Cos dedos de unha man se cntan as que se ingresan no Concello. As solicitudes de terrazas de vinte metros cadrados, na práctica son de oitenta, cen metros cadrados. O 50% de nada é nada. En calquera caso, vou votar en contra. Aprobán a lei pero ao final quen paga a ronda serían os concellos.

O Sr. Alcalde sinala que a aplicación da lei antitabaco será a maneira en que os hosteleiros defenderán os seus negocios. Esta lei vai modificar os hábitos de ocupación dos espazos públicos e as peticións que van formular os hosteleiros. En pouco tempo as reclamacións dos hosteleiros irán noutro sentido. Haberá que modificar a ordenanza e axeitala aos novos hábitos. O demais é falar cara a galería. Cos dedos de unha man se contan as terrazas en dominio público municipal. Case todas están en dominio público marítimo terrestre, cunha taxa de 40 euros o metro cadrado cada tres meses. Que se modifique e Ordenanza e se pacte cos hosteleiros. En segundo lugar, que Mariano Rajoy diga públicamente que se chega á Moncloa vai abolir a lei antitabaco. Esta proposta é a que deberíamos votar.

O Sr. Fervenza di que a eles lles importan todo, ao Alcalde nada. Eu non perdo o tempo con nada. Euloxio, o que tes que facer é reprochar a este Goberno. Víctor, paréceme importante, falamos de un 50% nas taxas. Sabemos da situación real dos negocios de Moaña. Todo suma. A lei antitabaco reduce a contratación de persoal na hostelería. Levamos catro anos e non se modificou a Ordenanza. Podedes propoñer a Costas e Portos unha redución. Para nós pareceríanos normal. As cousas, aínda que sexan pequenas, algo fan. Así nolo trasladaron os hosteleiros. Por iso presentamos esta moción.

Non se suscitan outras intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada polo PP sobre a redución nun 50% da taxa por instalación de terrazas, quedando rexeitada por seis votos a favor, dos representantes do PP, e dez votos en contra, seis dos representantes do BNG, tres dos representantes do PSOE e un, do representante de INMO.

## **6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE BANCARIZACIÓN DAS CAIXAS DE AFORRO.**

O Sr. Piñeiro, Concelleiro do BNG, Grupo asinante da moción, procede a darlle lectura:

### **“MOCIÓN CONTRA A PRIVATIZACIÓN DAS CAIXAS DE AFORRO**

Valentín Piñeiro Gonzalez, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Moaña, presenta a seguinte MOCION para o seu debate polo Pleno da Corporación.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Ao tempo que se está a iniciar a andaina da nova caixa de aforros galega, logo de acometer un proceso de integración que conta cun alto grado de consenso dos axentes sociais de Galiza, e que ten por obxectivo primordial seguir dotando a Galiza dun instrumento financeiro solvente ao servizo da economía do país, o Goberno Central vén de formular unha proposta de reforma do sistema financeiro que avanza cara a privatización das caixas de aforro e implica unha mudanza substancial de dito proceso e aboca a “Novacaixagalicia” a transformarse nun banco privado.

A decisión do Goberno Central non ten fundamentos técnicos ou económicos, é exclusivamente política, e ten coma orixe a absoluta subordinación do Goberno do Estado aos intereses do capital financeiro. Constitúe un chanzo máis no proceso de consolidación do capital financeiro, auténtico detonante da actual crise económica polas súas prácticas especulativas guiadas por un afán de obter enormes lucros por riba da evolución da economía real, e que agora quere saír reforzado incidindo claramente no sistema público de pensións e nas propias caixas de aforro.

O BNG vén advertindo do deseño adoptado polo Goberno Central, consensuado co PP, que fomentaba a desterritorialización, bancarización e privatización das caixas de aforro, plasmando tanto na creación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), como na aprobación dunha reforma *express* da normativa ordenadora dos órganos reitores das caixas de aforro, que serven de marco xurídico de referencia no cal se sustenta agora a nova reforma deseñada polo Goberno Central.

Perante iso, o BNG promoveu unha reforma da Lei de caixas de aforro de Galiza cuxa finalidade é a de colocar o aforro galego ao servizo do tecido produtivo do país e ademais defendemos desde o primeiro momento a fusión galega como ferramenta clara do reforzo e blindaxe do sistema financeiro galego. Mais agora, ese resultado de contarnos cunha única caixa de aforros galega está en cuestión, certamente por unha repentina actuación unilateral do Goberno Central e do Banco de España, mais tamén polo amparo que lle outorga o marco xurídico deseñado logo dos cambios legais que, consensuados polo PSOE e PP, foron acometidos ao longo dos últimos dous anos.

Galiza non pode ficar impasíbel perante a tentativa de quedar sen unha caixa de aforro que se encargue de nutrir o financiamento necesario para o tecido produtivo do país, onde as

empresas e emprendedores galegos obteñan os recursos precisos para facer viábeis os proxectos que crean valor, riqueza e emprego en Galiza.

A privatización da nosa caixa galega significaría a desaparición dun sistema financeiro galego propio. Sen dúbida, constituiría unha apropiación indebida das caixas de aforros galegas aos seus lexítimos propietarios, as institucións e impositores, para permitir a absorción do aforro galego polos poderes financeiros alleos a este país. Alén diso, a privatización das caixas de aforro non vai resolver a crise económica actual, senón que pola contra vana agudizar ao reforzar máis o poder do capital financeiro privado en detrimento das maiorías sociais que se sumarán nunha fonda crise social.

No BNG estamos convencidos que é o momento de defender os intereses de Galiza, reclamando tamén ao Presidente da Xunta de Galiza que se poña á fronte da contestación do deseño dun novo mapa financeiro que non respecta nin a galegidade, nin a vocación social da nova caixa de aforros galega, e faga valer o consenso acadado na sociedade galega a prol dunha caixa de aforros que cumpra dun xeito efectivo o seu papel social de contribución ao impulso da economía produtiva do país.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

### **ACORDO**

- 1. Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).**
- 2. Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado “Plan de reforzamento do sector financeiro” no que atinxe ás caixas de aforro.**
- 3. Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza a que defenda as competencias estatutarias de Galiza, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparellada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.**
- 4. Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central e galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro.”**

O Sr. Trigo, Concelleiro do PP, afirma que non lles gusta nada a moción. Non sei a quen defende o BNG. Defende a un sector da poboación menguante. Estamos dispostos a votar a favor da moción sempre que se recollan as seguintes enmendas transaccionais:

- “1. Manifestar o compromiso inequívoco de que Galicia siga mantendo unha entidade financeira solvente, con vocación social e vinculación territorial.
2. Rexeitar a improvisación e ausencia de seguridade xurídica que está amosando o Goberno de España en relación coas caixas de aforro, nomeadamente con Novacaixagalicia.
3. No suposto de que o Goberno presista na súa idea de aprobar un Real Decreto contrario ao Plan de negocio de Novacaixagalicia, instase ás forzas políticas e sociais de Galicia a que busquen a mellor saída que garantice a galegidade da nosa entidade financeira de referencia.”

Remata o Sr. Trigo dicinado que se se inclúen estas enmendas apoiarán a moción.

O Sr. Alcalde afirma que o PSOE ten un pequeno problema porque iniciou un proceso que non sabe onde remata. Agora o PP, tamén. Rajoy ten que manifestarse. Sabíamos o final de todo dende o principio, a fusión das caixas non ía ser abondo. Todo responde a un deseño do sector bancario ao que se está chegando paso a paso. Nós non defendemos solo a galegidade senón que sigan a ser caixas de aforro. Que os aforros da xente non acaben nun banco controlado por un consello de administración, perdéndose a acción social das caixas. O BNG vai facer todo o posible para convecer aos galegos de que a caixa, ademais de galega, siga sendo caixa. Haberá que explicar aos cidadáns por qué logo se lles nega crédito e se perde toda a acción social que desenvolven as caixas de aforro. Non admitimos as enmendas.

O Sr. Trigo sinala que o Alcalde debe ver o futuro na bola de cristal. ¿Non é caixa?.

O Sr. Alcalde afirma que na enmenda non se fala de caixa.

O Sr. Trigo responde que na denominación xa aparece o concepto: Novacaixagalicia. Para as próximas eleccións agardemos contar con corenta e dous Deputados e cós con catro. Sería mellor.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, afirma que o Goberno de España puxo en marcha un proceso que buscaba que as entidades de crédito sexan solventes. Redúcese a iso. ¿A qué xogaron os directores das caixas sen ter a responsabilidade dos bancos?. Caixagalicia encheu de grúas Andalucía. Vai financiar a construción de unha cúpula en Barcelona. O que o Estado pide e que bancos e caixas garantan os cartos que temos alí depositados.

O Sr. Alcalde responde que todas esas cousas o Goberno xa tiña que telas claras hai un ano. ¿Entidades que hai un mes eran solventes e agora non?. ¿Angela Merkel marcando a folla de ruta?. Carlos, véxote preocupado polo futuro do BNG. Seguiremos aquí con doce, dezaoit ou con cero. Xa estivemos de tantas maneiras... Seguiremos aquí buscando a responsabilidade.

O Sr. González pregunta onde está o millón de euros da Xunta para a escola taller.

O Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada polo BNG sobre bancarización das caixas de aforro, quedando aprobada por seis votos a favor, dos representantes do BNG, e dez abstencións, seis dos representantes do PP, tres dos representantes do PSOE e unha do representante de INMO, cos seguintes acordos:

1. Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).
2. Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado “Plan de reforzamento do sector financeiro” no que atinxe ás caixas de aforro.
3. Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza a que defenda as competencias estatutarias de Galiza, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparelada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.
4. Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central e galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro.

## **7.- ROGOS E PREGUNTAS.**

D. Antonio Pastoriza Chapela, Presidente da Asociación de Veciños As Pagonas-Berducedo, pregunta pola mellora da estrada As Barxas-Berducedo. Hai catro lexislaturas que levamos reclamando a mellora da estrada. Non se fai nada. Parace que o Concello optou pola cesión dos terreos. Terreos dende a Moca ás Pagonas. Que estaría solo pendente de asinar o convenio. O Delegado de Urbanismo di que non chegou a misiva da Deputación. O 7 de xaneiro saiu da Deputación. ¿É verdade que chegou da Deputación o convenio para asinar?. ¿Van poñer obstáculos á obra?.

O Sr. Alcalde afirma que o Cocnello puxo a disposición os terreos en xullo do 2010. seguimos agardando a que nos digan algo. Pendentes do texto do convenio. Non chegou papel. Louzán debeu enviar a carta a outro sitio. Non chegou carta. Non quero cartas de Louzán. O que me importa son os acordos que adopte o Pleno da Deputación. Houbo un avance de proxecto. Os técnicos da Deputación asinaron unos orzamentos e enviaron o proxecto en setembro onde pedían a disposición de corenta e cinco anacos de parcela antes de fin de ano. Non se puido facer. O Concello chegou a acordo con varios propietarios con cargo aos seus fondos dende As Barxas ata Rosalía de Castro. Douscentos trinta e dous mil euros. O Concello pedirá un orzamento para saber a canto ascende a obra e canto terá que aportar o Concello. Cando reciba a carta contestarei. Ao mellor me chega o proxecto e orzamento. Agardemos que de aquí a maio polo menos se acade financiamento do tramo e iniciar o trámite de licitación. Teño as miñas dúbidas.

O Sr. Pastoriza di que na estrada das Pagonas non haberá partidismos. Reivindicaremos ante os responsables pertinentes.

O Sr. Alcalde agradece o compromiso do Sr. Pastoriza de que non vai ser partidista.

Dña. Lorena Hervelo Pereira afirma que no comezo do curso do 2009 solicitou unha sinal de transporte escolar no Couso. Parece que Meira quedavos a setecentos kilómetros.

O Sr. Alcalde sinala que o que ten que facer é solicitar a colocación do sinal. A semana que ven vai ter unha sinal onde vostede diga.

A Sra. Hervelo pregunta ao Alcalde se sabe de qué sinal se trata.

O Sr. Alcalde responde que se quera poñer unha sinmal concerta unha cita con el.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vintedúas horas e dez minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE**  
**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**